

Traballo Fin de Grao (G3141424)

A imaxe da conflitividade escolar en Educación Primaria na prensa galega

Autora: **Mera Cao, Fátima**

Titor: **Porto Ucha, Ángel Serafín**

Facultade de Ciencias da Educación

Universidade de Santiago de Compostela

Curso académico 2013/2014

A imaxe da conflictividade escolar en Educación Primaria na prensa galega

La imagen de la conflictividad escolar en Educación Primaria en la prensa gallega

The image of school conflictivity in Primary Education through Galician Press

Índice

Resumo	2
Introdución	4
1. Marco teórico	7
1.1. A convivencia escolar	7
1.2. O conflito escolar	9
1.3. A convivencia e o conflito no ámbito lexislativo	11
1.3.1. Ámbito nacional	12
1.3.2. Ámbito autonómico	14
1.4. Os medios de comunicación	17
1.4.1. A prensa escrita	18
2. Estudo empírico	19
2.1. Proposta do problema a investigar	20
2.2. Obxectivos do estudo empírico	20
2.3. Deseño e procedemento da investigación	21
2.3.1. Selección e descrición da mostra	21
2.3.2. Instrumento de recollida de datos	22
2.3.2.1. Elaboración e validación do instrumento	23
2.3.2.2. Descrición do instrumento	24
2.4. Análise de datos e resultados	27
Conclusións	33
Recomendacións e posibles liñas de acción	35
Bibliografía	36

Resumo

Este traballo recolle unha investigación na que se estuda a imaxe da conflitividade escolar de Educación Primaria na prensa escrita galega. Os medios de comunicación ao recoller noticias sobre o conflito escolar están proxectando unha visión sobre esta temática e á vez están configurando na mentalidade da sociedade unhas ideas que poden corresponderse en maior ou menor medida coa realidade. Estas influencias afectan á actividade educativa xa que todo se desenvolve nun mesmo contexto social no que as interaccións son múltiples.

Así, preséntase primeiro un estudo teórico sobre a convivencia e o conflito escolar en relación cos medios de comunicación e coa prensa escrita. A continuación, descríbese un estudo empírico que inclúe o deseño e a aplicación dunha ficha de rexistro da prensa na consulta dos xornais seleccionados recollendo deles as noticias sobre o conflito escolar, seguido dunha análise dos datos obtidos, da elaboración das conclusións e das novas propostas de traballo.

Palabras chave: conflitividade escolar, educación primaria, imaxe, prensa galega.

Resumen

Este trabajo recoge una investigación en la que se estudia la imagen de la conflictividad escolar de Educación Primaria en la prensa gallega. Los medios de comunicación al recoger noticias sobre el conflicto escolar están proyectando una visión sobre esta temática y a la vez están configurando en la mentalidad de la sociedad unas ideas que pueden corresponderse en mayor o menor medida con la realidad. Estas influencias afectan a la actividad educativa ya que todo se desarrolla en un mismo contexto social en el que las interacciones son múltiples.

Así, se presenta primero un estudio teórico sobre la convivencia y el conflicto escolar en relación con los medios de comunicación y con la prensa escrita. A continuación se describe un estudio empírico que incluye el diseño y la aplicación de una ficha de registro de la prensa en la consulta de los periódicos seleccionados recogiendo de ellos las noticias sobre

el conflicto escolar, seguido de un análisis de los datos obtenidos, de la elaboración de las conclusiones y de las nuevas propuestas de trabajo.

Palabras clave: conflictividad escolar, educación primaria, imagen, prensa gallega.

Abstract

This Final Degree Project contains a research that studies the image of the Primary Education school conflict in Galician Press. Mass media, when collecting news about school conflict, reflect a vision of the question and shape simultaneously the social mentality with ideas that square with reality to a certain degree. These influences affect the education activity because all the things are developed in the same social frame where there are numerous interactions.

And so, first it is presented a theoretical study about coexistence and school conflict in connection with mass media and press. Secondly, it is described an empirical study including the design and implementation of a press registration form for consulting the selected newspapers, collecting from them news about school conflict, following with an analysis of the obtained data, the making of conclusions and new work suggestions.

Keywords: School conflict, Primary Education, image, Galician press.

Introdución

A crecente preocupación social nas últimas décadas polos problemas de convivencia nos centros educativos fixo que se incrementara o número de estudos e propostas de intervención relacionadas con esta área. Así, a convivencia e o conflito pasou a ser unha das principais inquietudes da comunidade educativa pero tamén das distintas administracións e da sociedade en xeral. Tal e como afirma García e Trianes (2002) “é a partir dos anos oitenta cando se produce unha énfase especial neste tema. Sobre todo na última metade dos anos noventa asistimos a unha gran preocupación que afecta á psicoloxía e á educación” (p. 177).

De acordo co proceso de indagación persoal desenvolto sobre a bibliografía publicada e seguindo as referencias de Caballero (2010 p. 157), os estudos de investigación sobre convivencia e conflito escolar centráronse na súa gran maioría por un lado no obxectivo de obter datos sobre a violencia, acoso ou maltrato nos centros educativos e por outro lado no fin de estudar as relacións entre o alumnado, o profesorado e a familia xunto co análise do clima xeral do centro. Sen embargo, hai que ter en conta que a escola como institución educativa está formada por membros dunha sociedade e á vez é un reflexo do que acontece na mesma. Estas relacións e influencias de contextos fan que a problemática actual da convivencia e do conflito escolar teña que entenderse e estudarse tomando como referencia unha visión ampla do escenario. Polo tanto, cando estudamos o conflito escolar non o podemos reducir de forma exclusiva ao conflito entre o alumnado nin á presenza da violencia xa que como recolle Jares (2006) “a investigación sobre esta temática que se produciu no noso país soe centrarse unicamente, en xeral, na violencia entre iguais, que é un aspecto importante, pero dende o punto de vista educativo [...] é unha visión claramente restritiva e incompleta” (p. 468).

Poucos son os traballos publicados que investigan de forma conxunta os medios de comunicación e a educación, e dentro destes son escasos os que se centran na imaxe do conflito escolar na prensa escrita. Hai que recoñecer que a influencia dos *mass media* cada vez é maior en todos os ámbitos sociais entre os que se inclúen os espazos educativos polo que estes medios de información van construíndo unha visión da convivencia nos centros escolares que resulta relevante analizar (Mesa, 2002, p. 220). Esta situación anterior é parte da **xustificación** do tema tratado no meu TFG que parte da base de que “a influencia dos medios de comunicación nas mentalidades, opcións políticas e comportamentos sociais é un dos temas máis importantes do noso tempo que, de ningunha forma, pode desligarse da pedagogía, psicoloxía ou socioloxía” (Roque e Rotger, 1982, p. 11).

Exemplo de traballos que relacionan convivencia e conflito escolar cos medios de comunicación son *La imagen de la UNED en la prensa* (Pérez, 1985), *A convivencia nos centros escolares de Galicia* (Consello Escolar de Galicia, 1999) e *La imagen de la conflictividad en la prensa gallega* (Porto, 2003). Nestes traballos ao igual que noutros, o estudo do conflito e da convivencia céntrase en xeral nos niveis educativos secundarios. É común relacionar conflito escolar con adolescentes obviando que nas escolas de Educación Infantil e nos colexios de Educación Primaria xa se establecen unhas relacións humanas complexas que deben estudarse e atenderse para que o alumnado dende idades prontas desenvolva actitudes de convivencia democráticas, o que repercutirá nun futuro.

Derivado do contido anterior descrito, tendo en conta que o nivel educativo que me compete dende o punto de vista da miña formación como docente non está moi investigado e acorde cos meus intereses profesionais, elixín traballar no meu TFG a imaxe da conflictividade escolar na prensa galega en relación á etapa de Educación Primaria. Outra das razóns que xustifican a miña elección do TFG é que este responde a parte das **competencias** profesionais que se describen para o proceso de formación de docentes:

-Comprender o proceso de aprendizaxe relativo ao período 6-12 anos nos contextos social, familiar e escolar. Estudar o conflito escolar tendo en conta o contexto social no que se inclúe o centro educativo e as interaccións e as influencias que se producen entre eles.

-Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa. Desenvólvese unha investigación educativa na que se aplica unha metodoloxía e unhas técnicas concretas para investigar sobre o conflito escolar.

-Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes e os valores. Neste traballo desenvólvese habilidades e destrezas de traballo autónomo e unhas actitudes críticas respecto á información que se manexa.

-Comprender a función e as posibilidades da educación na sociedade actual e as competencias que afectan ós colexios de Educación Primaria e ós seus profesionais. Comprender a función que na actualidade se deposita na escola para formar ao alumnado en valores de convivencia democrática dende niveis educativos iniciais como medida que posibilita a construción dunha sociedade baixo estes mesmos valores.

-Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma. Deseño e realización dun traballo persoal que implica o desenvolvemento dun proceso de aprendizaxe.

Ademais do anterior, a liña que elixín para o meu traballo está baseada nos amplos coñecementos e na experiencia que ten neste campo o meu titor do TFG Ángel Serafín Porto Ucha. A súa extraordinaria e longa traxectoria profesional servíronme para guiarme e apoiarme durante a elaboración do meu traballo e iniciarme así na investigación educativa da man dun experto que participou e dirixiu numerosos traballos desta índole entre outros.

O meu TFG inclúese na modalidade de “traballo de iniciación á investigación” e os pasos seguidos xustificáanse nas etapas descritas por Gil (2008, p.22) para todo proceso de elaboración do coñecemento científico: planificación, realización e conclusións da investigación.

En canto á **metodoloxía**, realizouse unha primeira parte teórica na que se tratan os principais conceptos desta investigación e que serve para contextualizar o traballo de campo que se leva a cabo posteriormente. Este paso serviu á súa vez para crear unha base de coñecementos necesarios para deseñar o instrumento de recollida de datos e ademais ter así un maior criterio á hora de analizar os datos obtidos do proceso de indagación. Na segunda parte desenvolveuse un estudo empírico en relación coa parte teórica comezando por seleccionar os dous xornais que se empregaron no estudo de campo. Logo deseñouse unha ficha de rexistro da prensa como instrumento de recollida de datos e que se aplicou na consulta de dous xornais galegos seleccionados previamente. Con este instrumento recolléronse todas as noticias que ían aparecendo sobre o conflito escolar na etapa de Educación Primaria obtendo desta forma os datos cos que traballar no estudo. Logo pasáronse estes datos recollidos a unha base de datos informática para unha maior rigorosidade no tratamento dos mesmos e realizouse unha análise dos mesmos. Finalmente elaboráronse as conclusións de todo o traballo realizado e a descrición de posibles liñas de acción.

Os **obxectivos** deste traballo en concordancia cos que se recollen na guía do TFG son:

- Integrar e aplicar o coñecemento teórico e práctico sobre o conflito escolar para realizar un estudo sobre o mesmo.
- Desenvolver unha investigación como parte das funcións dun docente de Educación Primaria que permite mellorar e renovar o coñecemento e a práctica educativa sobre o conflito escolar.

-Seguir os pasos da investigación para coñecer a imaxe do conflito escolar en Educación Primaria na prensa galega, deseñando o instrumento de recollida de datos e xerando novos contidos científicos sobre esta temática educativa á vez que abrindo novas liñas de traballo.

1. Marco teórico

1.1. A convivencia escolar

“A palabra convivencia significa a acción de vivir comunmente xuntos. Pero o noso acervo cultural engádelle un conxunto de matices, máis ou menos pro - sociais, que a converten nunha expresión de complexa encrucillada social” (Ortega, 2006, p. 36). Este acervo cultural fai que o concepto de convivencia sexa definido dende múltiples perspectivas en función da visión e da posición do autor dando lugar á existencia de numerosas definicións do mesmo. Jares (2001), que define convivir como “vivir uns con outros en base a unhas determinadas relacións sociais e a uns códigos valorativos, forzosamente subxectivos, no marco dun contexto social determinado” (p. 9), recolle que esta parte social está inevitablemente ligada á concepción e interpretación que se pode facer de forma particular do concepto e que pode ser facilmente cuestionable.

Independentemente das connotacións sociais que se lle dean ao concepto, falar de convivencia non fai referencia simplemente ao feito de que dúas ou máis persoas compartan un lugar físico, senón que isto tamén inclúe compartir normas e convencións que axuden a regular a vida en grupo. A convivencia pola que se avoga dende as sociedades actuais é unha convivencia que se fundamenta na aceptación da diversidade se queremos que esta sexa un medio posible, rico, interesante e beneficiosa para todos. Así, os acordos que os membros dos grupos tomen para facer posible esta convivencia, deben de respectar os dereitos de cada persoa, dereitos que van ligados a uns deberes que todo individuo debe cumprir. Pero estes dereitos e deberes non poden limitarse a recollerse de forma teórica, pois isto resulta banal se non se leva a cabo unha posta en práctica dos mesmos na actividade de convivir.

O centro escolar é un lugar de convivencia formado por un grupo de persoas “de diferentes idades e procedencias, con diferentes roles e que se relacionan e se inflúen de forma intencionada nun marco legal que regula parte desas relacións” (Massager, 2000, p. 63). A escola, como espazo de convivencia, experimentou grandes cambios nas últimas

décadas en torno a esta temática. Desta forma, o concepto de convivencia pasou de ser entendido como unha expresión popular que describía de forma xenérica ó clima de centro, a converterse nun dos principais temas de estudo do campo psicopedagóxico. A este cambio contribuíron, en parte, as novas funcións que se lle atribuíron á escola, funcións que van moito máis aló de formar simplemente ás persoas dende un ámbito disciplinario.

Entre estas novas funcións da escola inclúese o obxecto de formar aos discentes nos principios dunha convivencia democrática como vía para formar un mundo que se constrúa e se organice baixo os mesmos principios. Así, vense insistindo continuamente neste obxectivo, pois tal e como se recolle no *Informe sobre o estado e a situación do sistema educativo do curso 2009/2010* do Consello Escolar do Estado (2011, p. 743), a educación ten que favorecer ao desenvolvemento e á formación do alumnado dende unha perspectiva integral para construír a unha sociedade na que se practique unha convivencia democrática.

Esta convivencia democrática require lograr un cambio profundo e xeneralizado das actitudes individuais para establecer unha conciencia global. Desta forma, temos que aprender a superar a tensión entre o mundial e o local para converterse en “todos” sen perder de vista as propias raíces de cada un previndo así o egoísmo e aprendendo a compartir apoiándose na solidariedade como vía para o progreso. A escola ten que favorecer á formación de persoas capaces de asumir deberes e exercer dereitos como cidadáns, de practicar o respecto mutuo, de resolver os conflitos de forma non violenta e con capacidades para aceptar normas comúns, a diversidade de opinións e os diferentes estilos de vida.

A labor e o tempo invertido dende os centros educativos para desenvolver unha convivencia democrática cada vez é maior, pero de acordo con Díaz (2002, p. 58), para converter o espazo educativo nun espazo para a convivencia democrática é imprescindible superar o currículo oculto que se desenvolve en cada centro e que na gran maioría das ocasións vai en contra do recollido nos distintos documentos de centro que tratan esta temática. Para superar este currículo oculto, todos os membros do centro educativo deben de participar e desempeñar unha labor democrática en cada unha das tarefas desenvoltas sen desfavorecer ao alumnado, colectivo que sempre mantivo un papel menos activo no ámbito escolar e que é o aspecto que está a cambiar lentamente. Por iso, se vemos na escola un medio para formar futuros cidadáns democráticos, é necesario comezar dende os niveis educativos máis baixos a practicar un modelo de convivencia democrática, tanto dentro da propia aula como do colexio.

1.2. O conflito escolar

Como manifestación natural das relacións persoais que se producen na convivencia poden “aparecer oposicións, desacordos, comunicación inadecuada, etc, e dar lugar a conflitos interpersoais; por tanto, convivencia e conflito preséntanse nun mesmo escenario” (Caballero, 2010, p. 155). Seguindo a Jares (2006), “conflito e convivencia son dúas realidades sociais inherentes a toda forma de vida en sociedade” (p. 468), polo que convivencia e conflito preséntanse nun mesmo plano sendo o conflito un compoñente constitutivo da convivencia, propio e inevitable da mesma.

Na comunidade de expertos non existe un consenso á hora de dar unha definición do concepto de conflito no seu sentido máis amplo nin do conflito escolar en particular. Esta diversidade que existente na concepción do conflito é recollida por Jares (2001, p.62), que presenta e analiza o tratamento deste termo en tres grandes paradigmas dende a perspectiva educativa:

a) A visión tecnocrática - positivista do conflito: o conflito considérase negativo e hai que eliminalo das aulas porque afecta ao centro escolar, polo que débese previr o seu desencadeamento. Esta posición integra no concepto de conflito unha adxectivación negativa e violenta e propón, para a resolución dos conflitos, evitalos cunha planificación por parte da directiva da organización xa que o conflito aparece por unha mal funcionamento deste sector. Non considera ao conflito como propio das relacións sociais xa que o ve como un elemento que prexudica ao funcionamento e á organización escolar e non aporta un beneficio didáctico.

b) A visión hermenéutica - interpretativa do conflito: o conflito considérase como natural das organizacións humanas, é aceptado como propio das persoas. Cada conflito é unha situación única que non se pode equiparar con outros e cada caso vese condicionado polas interpretacións persoais que pode facer cada membro. Enténdese o conflito como unha cuestión individual sen ter en conta a dimensión sociolóxica, polo que o conflito créase como un problema de percepción persoal ignorando as condicións sociais que lle afectan ao propio suxeito. Deféndese a necesidade de existencia dun nivel mínimo de conflito para mellorar o funcionamento do grupo e manter nel uns niveis de creatividade, o conflito como algo positivo onde a resolución dos mesmos se centra na comunicación entre os individuos.

c) O conflito na perspectiva crítica: o conflito considérase como algo natural, positivo, que forma parte das organizacións e que é imprescindible a súa presenza para manter vivos os

grupos e para que neles se produzan cambios sociais. A toma de conciencia por parte de todos os membros que forman a organización sobre as relacións de poder que se establecen nestes espazos é o que propicia este cambio social. O afrontamento dos conflitos dende esta perspectiva favorece aos procesos de colaboración na xestión da organización desenvolvendo a propia capacidade institucional e de autonomía da organización, como pode ser a escolar. O conflito considérase educativo e non negativo xa que a negociación directa das partes enfrontadas é o método de resolución dos mesmos. Esta resolución implica buscar a plena democratización das estruturas organizativas e a emancipación dos que actúan nela.

A día de hoxe, impera a visión negativa do conflito na sociedade en xeral, visión que se deriva da ideoloxía tradicional - tecnocrática – conservadora descrita por Jares (2001, p. 62). Desta forma, a maioría das definicións que podemos atopar nos dicionarios sobre conflito fan unha referencia negativa del. Cando usamos esta palabra facémola de forma pexorativa e cada vez que escoitamos ou lemos a palabra conflito non a relacionamos con algo positivo. Esta tendencia a relacionar o conflito con algo negativo deu lugar á formulación de definicións de conflito na que se inclúe a palabra violencia. Un exemplo é Freund (1995) que indica que “un conflito que exclúe de entrada ou por principio o uso eventual da violencia, xa non é un conflito, senón unha simple competición ou un concurso” (p. 83). Esta visión ocasionou que se empreguen, erroneamente, os termos de conflito e de violencia como sinónimos.

Sen embargo, o significado orixinal e inicial que lle dan os dicionarios e os textos da época clásica a esta verba é de choque, oposición e antagonismo e non o relacionan directamente cunha visión negativa (Jares, 2001, p.21). No ámbito da educación “cando falamos de conflitos escolares é habitual asociar este termo ao de violencia” (Melero, 2009, p.46). No centro educativo, as relacións persoais que se establecen dan lugar á aparición natural de conflitos que non se poden nin se deben intentar ocultar xa que son un ingrediente necesario para o desenvolvemento psico-social da persoa e do colectivo pois son oportunidade óptima para o grupo, no sentido de que se trata dunha situación de máxima implicación por parte do grupo (Narejo e Salazar, 2002). Así, débese de recuperar o significado orixinal da palabra e diferenciar entre conflito e violencia á vez que comprender que un non implica necesariamente o outro, pois “os conflitos son consubstanciais á vida, mentres que a violencia non deixa de ser unha resposta, entre outras posibles, aos mesmos” (Jares, 2006, p.11).

A liña que se segue neste TFG é a perspectiva crítica (Jares, 2001, p. 75), polo que se considera o conflito como unha oportunidade para aprender no lugar de algo negativo que se debe evitar no centro escolar. Pérez e Pérez (2011) comparten esta visión pedagóxica do conflito e recollen que “o profesorado debe traballar cos alumnos a fin de identificar os conflitos escolares e ensinarlles a buscar, conxuntamente, a mellor solución aos mesmos. [...] O reto que se lle plantexa ao profesor é como debe afrontar e resolver os conflitos de maneira construtiva” (p.10), polo que a clave do conflito está en como se xestiona e se resolve o mesmo.

En concordancia coa visión democrática que se describe da convivencia no apartado anterior, o tratamento do conflito polo que se avoga é o baseado na comunicación, na tolerancia, na solidariedade, no respecto e na igualdade, esquecendo en todo momento a resolución dos mesmos a través de calquera tipo de dominio e violencia. Este tratamento brinda como consecuencia unha oportunidade de aprendizaxe para os membros que participan no mesmo. Casamayor, lonxe de atribuírle un matiz negativo, recolle esta idea:

Un conflito prodúcese cada vez que hai un choque de intereses, [...] cada vez que se produce un enfrontamento a causa dun desacordo ideolóxico, ou futbolístico... Sen embargo, este conflito entre persoas civilizadas pode dar lugar a un enriquecemento mutuo. Cada unha das persoas enfrontadas cede un pouco de terreo: reconece non ter toda a razón, acepta a lexitimidade dos intereses do outro, busca primar os puntos de acordo que permitan un consenso e seguir traballando xuntos (2000, p. 20).

O conflito ten un carácter formativo en si mesmo que hai que considerar dende o ámbito escolar. Ensinar ao alumnado dende os niveis educativos iniciais a xestionar os conflitos leva a desenvolver actitudes democráticas que favorecen e promoven o cambio social en todos os escenarios da vida da persoa. A axeitada resolución dos conflitos dende o centro educativo axuda ó crecemento persoal do suxeito como ser individual e como ser de convivencia.

1.3 A convivencia e o conflito no ámbito lexislativo

Aínda que o conflito sempre estivo presente nos centros escolares, a atención por parte dos distintos sectores educativos é actual. A educación en valores cívicos e democráticos que

se recolle na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948 e a lexislación internacional derivada, seguindo a Veiga (2010, p. 619), é o elemento referencial e de partida que desencadeou a posta en marcha de distintas medidas de actuación a nivel internacional, nacional e local co obxectivo de ir construíndo dos distintos ámbitos sociais, entre eles o educativo, lugares para practicar unha convivencia baseada no respecto e na igualdade.

En concreto no relacionado coa educación e no caso de España, a Constitución de 1978 establece no seu artigo 27.2 que a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais. Esta declaración trasládase ás distintas leis educativas españolas que se promulgaron dende entón, recollendo a convivencia como un dos fins da educación. Isto, e o aumento da violencia nos centros docentes de acordo con Trianes (2000, p.13), fixo que nos últimos anos a normativa educativa veña dedicando, cada vez de forma máis destacada, unha maior atención ao tema da convivencia escolar xa dende as etapas educativas máis baixas. Estes documentos recollen declaracións e principios, pero tamén a posta en marcha de distintos plans para levar a cabo en todos os sectores e niveis que se inclúen dentro do Sistema Educativo, dende os órganos da Administración Xeral do Estado ata os propios centros escolares nos seus documentos de centros e no propio currículo.

En España as competencias educativas distribúense entre o Estado e as Comunidades Autónomas segundo o disposto na Constitución de 1978, polo que as leis se dispoñen en rangos diferentes derivadas dunha orde superior. Partindo desta estrutura, a continuación preséntase a situación da convivencia e do conflito escolar no ámbito lexislativo español e galego no nivel de Educación Primaria, xa que é a etapa educativa que me compete.

1.3.1. Ámbito nacional

A LOGSE de 1990 xa recollía no seu artigo primeiro que un dos fins que debe perseguir o Sistema Educativo é a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia. Como resposta a este fin, entre outras medidas, promúlgase o Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros. Este Real Decreto destaca a necesidade de dotar de autonomía aos centros educativos para que nestes espazos se desenvolva unha convivencia democrática, por

iso recolle que o Regulamento de Réxime Interno de centro, coa aprobación do Consello Escolar, debe de conter as normas de convivencia e adaptar os dereitos e deberes do alumnado ás condicións de cada caso en concreto, tendo como referencia o descrito en dito Real Decreto. Para velar polo correcto exercicio destas actuacións, inclúese nesta normativa que o Consello Escolar do centro educativo constituía unha Comisión de Convivencia cos obxectivos de resolver e mediar nos conflitos aparecidos e analizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia.

Outras leis educativas promulgadas durante o período democrático de finais do século XX tamén recollían e perseguían como fins educativos o desenvolvemento de aptitudes e condutas para a convivencia, a LXE de 1970 e a LODE de 1985, cada unha delas cos seus propios matices. A pesar disto, co inicio do século XXI, a preocupación polos conflitos e a violencia nos centros educativos aumentou considerablemente, e as actuacións destinadas á prevención da violencia e ao tratamento dos conflitos nos espazos educativos foron máis prolíferas.

Tómase conciencia da necesidade de atender á igualdade de xénero dende as idades iniciais do ser humano e da importancia da súa repercusión para acadar unha convivencia asentada en valores democráticos. Apróbase a lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que aínda que non é específica para o ámbito educativo, dedica gran parte da mesma a este campo destacando a formación preventiva en convivencia e igualdade. Continuarase co tratamento desta temática na Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes e no Plan Estratéxico 2008 - 2011 de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. As medidas que se recollen nestas normativas abarcan distintos Ministerios, entre eles o Ministerio de Educación, e levan a cabo distintas actuacións conxuntas para actuar dende os niveis educativos inferiores.

Apróbase en España a Lei 27/2005, de 30 de novembro, de Fomento da Educación e a Cultura de Paz, como resposta de acción á fixada Década Internacional para a Cultura de Paz (2001-2010) aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1999, onde se ditan medidas destinadas ao ámbito educativo e da investigación co fin de fixar unha cultura de paz (Gómez, 2011, p. 163). Esta lei do 2005 recolle, de forma concreta sobre a educación, que o Goberno contribuirá a facer dos centros educativos espazos para formarse academicamente e tamén para formarse en valores democráticos para a convivencia. Para camiñar cara esta

formación plantéxase incluír, entre outras medidas, cambios nos currículos e que as materias en xeral transmitan estes valores e incluso se creen materias especializadas nestas cuestións.

No ano 2006 apróbase a Lei Orgánica de Educación, unha “lei que se desmarca a favor dunha educación integral da cidadanía, que vai máis aló da instrución nas materias académicas ordinarias e que permite a convivencia en democracia” (Bisquerra, 2008, p. 51). Esta, ademais de ter como un dos fins educativos a convivencia democrática, incorpora na educación Primaria a nova materia Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos, unha materia polémica e fortemente cuestionada por expertos de distintos sectores da sociedade.

Pouco máis dunha década despois de que se promulgara o Real Decreto, do 5 de maio, no que se recollía a creación dunha Comisión de Convivencia en cada centro escolar, o Ministerio de Educación en conxunto con varias Organizacións Sindicais, o 26 de marzo de 2006 aproban o Plan para a Promoción e Mellora da Convivencia Escolar. Os sectores que participan na elaboración deste plan recoñecen que o clima de convivencia nos centros docentes non é bo e que nos últimos anos a violencia se produce con maior frecuencia e de formas moi diferentes chegando a un nivel de gravidade extremo, a pesar das actuacións xa postas en marcha. Desta forma, acordan establecer un Plan de Actuación para a Promoción e Mellora da Convivencia Escolar, que entre outras actuacións, recolle a creación do Observatorio Estatal de Convivencia Escolar e de Prevención de Conflictos Escolares. Este Observatorio preséntase de forma oficial no Real Decreto 275/2007, do 23 de febreiro e nace como un órgano colexiado interministerial da Administración xeral do Estado, adscrito ao MEC e con carácter consultivo, que ten como fin mellorar a convivencia nos centros escolares a través da investigación e do desenvolvemento de propostas de actuacións que favorezan a esta medida.

1.3.2. Ámbito autonómico

De acordo con Rodríguez e Veiga (2008, p. 49), dada a magnitude e a complexidade de afrontar o tema da convivencia escolar, así como a importancia de acadar uns obxectivos baseados nos principios democráticos, faise imprescindible a participación activa e a colaboración de todos os suxeitos educativos e sociais que de forma máis ou menos directa están implicados no ámbito estatal, autonómico e no plano local.

No caso de Galicia, as leis educativas fóronse elaborando e aprobando a partir do disposto nas leis estatais de referencia, concretando así os distintos aspectos para tratar o tema da convivencia e levalo ata os verdadeiros escenarios de actuación, os centros educativos. No ano 2007 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria presenta o Plan Integral da Mellora da Convivencia Escolar en Galicia con dúas liñas de intervención: a prevención da violencia nos centros educativos e a intervención na resolución pacífica dos conflitos. Unha das actuacións para desenvolver este plan é a elaboración do Observatorio Galego de Convivencia Escolar que deriva do Real Decreto 275/2007 e que na lexislación galega queda recollido no Decreto 85/2007. Nace como un órgano colexiado de carácter consultivo no que participan distintas consellerías, preséntase como un instrumento cuxas accións están destinadas á investigación, prevención e intervención para mellorar a convivencia escolar.

Estas iniciativas anteriores recollen a necesidade de concretar as distintas medidas en niveis inferiores de aplicación buscando esa labor imprescindible de colaboración entre todos os axentes educativos para acadar os fins propostos, como é o caso do Observatorio Galego de Convivencia que ten unha aplicación a nivel autonómico, provincial e de centro. Así, cada centro de forma contextualizada, debe elaborar o seu Plan de Convivencia de Centro acorde ás liñas de intervención descritas a nivel autonómico. Rodríguez e Veiga destacan a transcendencia de contextualizar este plan o máis acorde posible ao contexto de actuación:

O Plan Integral de Mellora de Convivencia Escolar en Galicia quere axudar a propiciar cambios positivos nos centros educativos e no profesorado, nos modelos de organización escolar e na formación permanente. Neste contexto terá unha relevancia especial a elaboración e posta en marcha de plans de convivencia escolar en cada centro que se adapten ao seu respectivo ámbito os obxectivos, medidas e iniciativas que diseña e impulsa o Plan Integral de Mellora de Convivencia Escolar de Galicia (2008, p. 46).

Por outro lado, e en relación estreita co Plan de Convivencia de Centro, recóllense as medidas para a elaboración do Observatorio de Convivencia en cada centro educativo de forma particular, organismo que inclúe entre as súas finalidades, a de avaliar ao final de cada curso escolar as distintas propostas que se levaron a cabo no centro para mellorar a convivencia no mesmo. A importancia de avaliar os plans de actuación, de acordo con Torrego e Moreno (2003, p. 41), leva a reflexionar sobre as prácticas que se fan no centro e a valoralas afondando na comprensión do problema. Estes plans deseñados acordes coas

características de cada centro, son imprescindibles porque axústanse a cada espazo en concreto e son os membros da propia comunidade educativa os maiores coñecedores para buscar solucións.

As normas de convivencia do centro educativo deben recollese no Regulamento de Réxime Interno que forma parte do Proxecto Educativo de Centro, sendo competencia do equipo directivo a súa elaboración e competencia do Consello Escolar a súa aprobación. Coa creación do Plan Integral de Convivencia Escolar en Galicia, acorde co que se describe neste plan, o RRI deixa de ser documento que inclúe soamente os códigos de sancións e pasa a entenderse como un documento no que se concretan e se aplican as normas que rexen as actuacións dos centros. É tamén neste plan onde se pide ós centros que revisen a estrutura e a forma de participación de todos os membros da comunidade educativa na vida de centro demandando unha corresponsabilidade en nas actividades educativas. Destácase a necesidade de participación do alumnado, imprescindible si se busca practicar unha convivencia democrática nos distintos ámbitos sociais, xa que é necesario que o neno se desenvolva baixo estes principios dende idades iniciais para continuar con estas accións nun futuro.

No ano 2011 apróbase a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. Nela descríbese a necesidade de que, todos os membros que participan de forma directa ou indirecta no centro educativo, deben camiñar na mesma dirección para poder chegar a desenvolver nestes espazos unha convivencia democrática. En relación ao anterior, esta lei engloba a un maior sector da comunidade educativa nesta tarefa e recolle os dereitos e deberes do alumnado, os das nais, pais e titores, os do profesorado e os do persoal de administración e de servizos. Galicia, seguindo a Gómez, ata este momento era a única Comunidade Autónoma que mantiña os Reais Decretos de 1995 de dereitos e deberes e os Regulamentos Orgánicos dos centros de 1996” (2011, p. 175). Así, na Lei 4/2011 renóvase o referente a dereitos e deberes ampliándoos a todos os membros da comunidade educativa, e ademais recóllense os distintos documentos de centro que deben de albergar todo o referente para practicar unha convivencia democrática no centro e a resolución pacífica dos problemas.

No ámbito autonómico galego, tamén se considerou a necesidade de traballar de forma conxunta entre as distintas Consellerías para intentar camiñar cara a consecución duns obxectivos democráticos en referencia á convivencia. Así, apróbase a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes que dedica un capítulo á actuación dende o ámbito educativo “A educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes”.

1.4. Os medios de comunicación

O concepto de medio de comunicación é un termo amplo e global. Facendo fincapé de forma concreta na palabra medio, Balle (1991), defínea como “un equipo técnico que permite aos homes comunicar a expresión do seu pensamento, calquera que sexa a forma e a finalidade de esta expresión” (p. 50). Por outra banda, Boronat (1995, p. 27) presenta e analiza distintas definicións que varios autores formulan do termo de comunicación, do que a autora recolle e destaca de gran parte delas o seu carácter subxectivo.

A liña de pensamento que se segue na concepción por separado destes dous termos anteriores, continúa presente no tratamento en conxunto do concepto de medio de comunicación, onde Berrocal e Rodríguez (1998) o definen como o “equipo técnico empregado para a difusión de informacións destinadas a un público masivo ou especializado, controlado por suxeitos que recollen, interpretan e valoran as noticias” (p.19). Estes dous autores expresan que a información coa que se traballa está en parte alterada e manipulada por quen a presenta debido aos seus intereses e a súa ideoloxía, polo que nunca podemos falar dunha obxectividade pura. Blanco (2008) fai referencia a esta influencia ao afirmar que “as informacións elabóranas persoas, e que a persoa [...] reflexa o seu « eu » no produto que elabora. Vemos o mundo a través dos seus ollos” (p. 34). Así, conclúese que a información que se presenta nos medios non é fiel reflexo da realidade, alteración que pode acadar maior ou menor intensidade en función das intencións do emisor da mensaxe.

Os *mass media* son considerados un importante instrumento para a socialización e para a transmisión de valores, xa que mostran pautas de comportamento de forma directa ou implícita que acaban por afectar á nosa visión do mundo. Nas sociedades democráticas, os medios de comunicación son o principal instrumento para expresar ideas e sensacións, e por tanto, para transmitir e crear unha imaxe. Desta forma, a información que se presenta nestes medios ten o poder de formar e modificar a imaxe social sobre un tema en concreto, en función do uso que se faga da mesma. O poder dos medios de comunicación é tan grande que, tal e como se recolle no traballo do Consello Escolar de Galicia (1999), “recoñécese a súa incidencia na formación de certas condutas e actitudes sobre a realidade –ás veces incluso, na propia configuración da realidade–” (p.615). A capacidade de manipulación dos medios de comunicación é tratada por Cabero e Loscertales (1998) que describen aos medios como parte da nosa sociedade e que configuran o espazo físico, psicolóxico e organizativo desta.

Estas indicacións anteriores sobre os medios de comunicación, tamén se estenden ao ámbito educativo e a información que se transmite sobre este tema non sempre é fiel á realidade, podendo chegar a estar moi lonxe dela. Esta imaxe afecta á opinión pública e provoca a creación de estereotipos que inflúen nas expectativas e na valoración que a propia sociedade pode ter sobre a educación. Esta influencia dos medios de comunicación provocou o desenvolvemento de mitos que chegaron a estar fortemente enquistados na mentalidade humana, e que en parte aínda perduran na actualidade. O informe do Defensor del Pueblo (2007, p. 34) recolle como profesionais do tema da convivencia e do conflito escolar derribaron distintos mitos, fortemente enraizados na mentalidade humana, a través da investigación. A pesares disto, autores como Del Barrio, Van der Meulen e Barrios (2002), Rigby (1996) ou Sullivan (2000), plasman nos seus traballos que estas falsas crenzas seguen presentes na sociedade en xeral, pois o peso dos medios de comunicación é moito maior.

1.4.1. A prensa escrita

A continuación faise un tratamento máis específico da prensa escrita xa que o meu traballo de investigación analiza a imaxe do conflito escolar neste medio de comunicación en particular. Por iso, presento unha visión xeral sobre os aspectos necesarios para ter consciencia da importancia e da necesidade de desenvolver unha actitude crítica á hora de realizar unha lectura da información que se nos presenta dende este medio.

Dende os seus inicios, seguindo a Boronat (1995, p. 55), a prensa foi utilizada por parte dos sectores do poder, como o político, controlando a información deste medio e incluso creando os seus propios aparatos de difusión. Esta realidade deixa de manifesto a posibilidade de que se dean numerosas situacións de manipulación informativa, polo que é importante que como consumidores desa información, coñezamos o que din os xornais e o que silencian, así como a linguaxe que empregan e adquirir a capacidade para descifrar a noticia.

A pesar de caracterizar á sociedade actual como a sociedade da información, Blanco (2008, p. 28) recolle que estamos nun momento de desinformación provocada polo exceso de información á que estamos expostos. Apunta aos xornais de recoller unha información desorganizada e non acertada coa realidade que dá resposta ao que pasa, pero non ao como e ao por que pasa e cales serán as consecuencias.

A selección da información e a forma na que se nos presenta esta na prensa escrita, así como en calquera medio de comunicación, non é casual. Para a estruturación dun xornal e a elaboración das noticias, hai uns códigos que lle conceden unha maior ou menor relevancia á información e que presentan a mesma dende unha perspectiva concreta, provocando que os lectores recibamos e interpretemos este contido baixo eses códigos que empregaron intencionadamente os redactores. Así, Fontcuberta (2011) sinala que a información que se nos presenta ten dúas finalidades: “facilitar o acceso desa información ao público e valorar a información. O formato dun medio reflicte o valor que conceden ás informacións que presenta, e os receptores interpretan o medio en función das regras que el mesmo ensina” (p.65). Así, o tipo de información que se presenta nun xornal e a interpretación que poida facer cada un dos lectores da mesma, está influenciada dende unha dobre vertente: primeiro pola base ideolóxica na que se fundamenta un xornal en concreto e pola ideoloxía do profesional que redacta a noticia, que en certa medida coincidirá coa do xornal pero que lle engade os seus matices persoais. E segundo, pola información que se decidiu tratar e pola forma de presentala xa que lle da un significado seguindo o valor e o interese que se lle deu de forma consciente.

Así, débese de ter en conta por un lado de que a información que se transmite na prensa sempre ten un carácter subxectivo. Por outro lado, hai que ser conscientes de que a estrutura dun xornal inflúe e altera a forma de afrontar a lectura do mesmo por parte dunha persoa. Estes códigos xornalísticos son tidos en conta na elaboración da ficha de rexistro de prensa que se describe máis adiante e que se deseñou, de forma expresa, para recoller as noticias relacionadas coa imaxe do conflito escolar na prensa galega.

2. Estudo empírico

O estudo empírico que se presenta a continuación segue un método descritivo no que se combina unha parte cuantitativa con outra cualitativa. O procedemento seguido para alcanzar o coñecemento obxectivo sobre o tratamento que se fai do conflito escolar na prensa escrita e a imaxe que se transmite do mesmo está baseado nuns pasos concretos descritos por Buendía e Colás (1998, p. 69) que recollen as fases a desenvolver nunha investigación educativa.

2.1. Proposta do problema a investigar

A formulación do problema deste estudo realizouse de forma conxunta co meu titor do TFG e está motivada polo coñecemento de investigacións previas con obxectos de estudo similares e á vez pola identificación da falta de coñecemento científico nesta temática no ámbito territorial e no nivel educativo que profesionalmente máis me compete. Esta investigación busca coñecer o tratamento que a prensa galega fai do conflito escolar e a imaxe que transmite do mesmo. O problema está en que nin o tipo de noticias que recolle un xornal nin os seus aspectos formais son algo casuais pois isto ten unha intencionalidade e un grao de subxectividade que afecta á forma en que os lectores len e interpretan as noticias á vez que permiten descifrar o grao de relevancia que lle concede este medio impreso a un determinado tema, neste caso ao conflito escolar de Educación Primaria, afectando ao ámbito educativo xa que este se inclúe e se desenvolve nun sistema social no que as interaccións son múltiples.

2.2. Obxectivos do estudo empírico

O obxectivo xeral deste estudo empírico é coñecer a imaxe que proxecta a prensa escrita galega sobre o conflito escolar en Educación Primaria. Os obxectivos específicos son:

- Producir novos datos e información actualizada que permita un maior coñecemento sobre o conflito escolar en relación coa prensa escrita.
- Coñecer a importancia que se lle concede ao conflito escolar en Educación Primaria na prensa escrita galega a partir da análise dos aspectos formais cos que se presentan as noticias.
- Diagnosticar o tipo de conflitos que se recollen na prensa e ver se hai diferenciación no tratamento deles segundo a tipoloxía.
- Analizar se o conflito que se recolle na prensa está relacionado coa violencia e se o tratamento que se fai del tamén se relaciona con esta resposta aos conflitos.
- Identificar se os conflitos que recolle a prensa escrita tenden a producirse en centros de determinadas características concretas.
- Abrir novas liñas de investigación a partir deste estudo empírico para afondar no coñecemento da temática que se segue neste traballo.

2.3. Deseño e procedemento da investigación

A consideración que se lle dá ao concepto de conflito neste estudo é no seu sentido máis amplo e o ámbito ao que se fai referencia é o de todo aquel que implica á escola, dende a Administración educativa ata a aula. O método descritivo inclúe o deseño de instrumentos para levar a cabo a técnica de recollida de datos dunha forma obxectiva a partir da observación, polo que comezouse a desenvolver o estudo empírico co deseño da ficha de rexistro da prensa para obter contido co que posteriormente traballar. De forma paralela levouse a cabo a selección dos xornais a usar nesta investigación xa que os aspectos formais destes medios tivéronse en conta á hora de deseñar o instrumento de recollida de datos.

Partindo da documentación bibliográfica deseñei a primeira versión do instrumento e posteriormente paseilla a varios profesionais para que ma validasen e me desen as súas críticas co obxectivo de mellorar a ficha. Tras as respostas realicei a versión final do instrumento e apliqueino á consulta dos xornais seleccionados para a investigación. Para acceder á edición impresa dos xornais de *La Voz de Galicia* e de *Sermos Galiza* fun á Biblioteca Xeral da USC e á Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal e consultei na sala da hemeroteca durante varios días cada un dos exemplares publicados dende o 01/01/2013 ata o 31/12/2013. Ao longo do desenvolvemento desta consulta ía cubrindo manualmente unha ficha de rexistro da prensa por cada unha das noticias que aparecían nestes xornais e ao finalizar este proceso pasei os datos recollidos a unha base de datos informática para facer un tratamento da información máis rigoroso. A continuación desenvolveuse a técnica de análise de datos na que se combinou a parte cuantitativa coa cualitativa e se comparou os resultados obtidos con outros estudos desenvoltos anteriormente.

2.3.1. Selección e descrición da mostra

A selección dos xornais que se empregaron nesta investigación foi seguindo o criterio de difusión xeográfica buscando que foran medios que recollesen noticias de toda a Galicia e que tivesen unha proxección estendida a todo este territorio. Así, decidiuse centrar o traballo de campo no xornal de *La voz de Galicia* por ser representativo de toda a Comunidade Autónoma e por ser un dos xornais con maior audiencia. Segundo os datos ofrecidos pola *Oficina de Justificación de la Difusión* (2013) sobre a tirada, a difusión e o número de lectores estimados dos xornais españois, *La Voz de Galicia* sitúase entre os dez primeiros de

toda España e encabeza a lista no ámbito galego. Na investigación este xornal complementouse coa consulta de *Sermos Galiza* que edita de forma semanal o seu formato impreso e que abarca tamén todo o territorio galego. Outra das razóns polas que se decidiu entre estes dous xornais foi pola súa base ideolóxica xa que considerouse interesante elixir entre xornais diferentes neste aspecto pois de acordo con Roque e Rotger (1982) “a información pode ser distinta segundo a ideoloxía de cada periódico” (p. 74).

Os exemplares de prensa consultados son aqueles que ambos xornais publicaron dende o período 01/01/2013 ata o 31/12/2013 en edición impresa recollendo todas aquelas noticias de ámbito galego que facían referencia ao conflito escolar da etapa de Educación Primaria. O período temporal seleccionado para a investigación foi o ano 2013 debido a que é o máis recente e así pódese obter unha información máis actualizada. Ademais ten a peculiaridade de ser un ano especialmente significativo no sistema educativo español xa que nel transcurren os momentos previos á aprobación da nova lei de educación, a LOMCE, situación que xerou grande expectación e diversas críticas de todos os sectores da sociedade.

Dicir que nun primeiro momento a consulta ía ser máis extensa tanto en tempo como en número de xornais distintos pero que esta quedou reducida a dous exemplares durante o período dun ano por razóns de tempo. A pesares disto, podemos identificar este traballo como unha investigación exploratoria de acordo con Arnal, Del Rincón e Latorre (1992, p. 44) pois ofrécese un primeiro coñecemento sobre a situación do conflito escolar de Educación Primaria na prensa galega a partir do cal se poden partir outros estudos máis completos.

O proceso a seguir para a elaboración da mostra foi a revisión dos xornais por orde de data comezando polos de *La Voz de Galicia* e seguindo cos de *Sermos Galiza*. Deste proceso foise recollendo todas as noticias que aparecían e estaban relacionadas co conflito escolar na etapa de Educación Primaria ocorridos no ámbito galego e cubrindo unha ficha de rexistro por cada unha das noticias. A mostra do estudo está formada polo total das noticias recollidas que foron de 186 na *Voz de Galicia* e de 19 en *Sermos Galiza*, un total de 205 noticias.

2.3.2. Instrumento de recollida de datos

O instrumento empregado para a recollida de datos nesta investigación é a ficha de rexistro da prensa (pode verse en anexos). É un instrumento elaborado pola autora deste

estudo e deseñado para este caso en concreto atendendo ós distintos ámbitos que se tratan nesta investigación e adaptándoa o máximo posible á mesma. Á hora de deseñar a ficha buscouse que esta respondese á problemática da imaxe do conflito escolar de Educación Primaria na prensa galega escrita, polo que tamén se tivo en conta as características deste medio de comunicación e máis en concreto as dos dous exemplares seleccionados para esta investigación.

2.3.2.1. Elaboración e validación do instrumento

Para a elaboración da ficha de rexistro da prensa dedicouse un período de tempo longo e de moito traballo e esforzo, pois de acordo con Boronat (1995) “si ben, é importante precisar as variables e categorías, non o é menos elaborar uns bos instrumentos de recollida de datos” (p. 187). Comezouse con unha documentación bibliográfica acerca desta técnica de recollida de datos e de forma paralela desenvolveuse un proceso de alfabetización profundo sobre a prensa escrita acerca da súa estrutura, dos seus elementos constitutivos (portada, seccións, título,...) e sobre a forma intencionada na que se presenta a información neste medio e as súas consecuencias (a relevancia tipográfica, a situación da noticia na páxina, o espazo destinado á mesma,...) incluíndo a potencialidade que teñen os medios de comunicación dende o punto de vista psicolóxico e social e as críticas que todo isto implica.

Ademais do anterior, considerouse imprescindible realizar unha primeira toma de contacto cos xornais seleccionados para este proceso de indagación, *La Voz de Galicia* e *Sermos Galiza*, para coñecer a súa estrutura e ver de forma xeral o tipo de noticias que recollen sobre conflito escolar. Este paso foi fundamental xa que deu a oportunidade de ter unha idea global do material empregado na mostra da investigación e así poder elaborar unha ficha de rexistro que respondese da forma máis eficiente ao estudo.

Tras esta primeira parte de coñecemento teórico, iniciouse a elaboración da ficha de rexistro de forma especializada e adaptada para aplicar neste traballo concreto. Realizouse unha primeira versión do instrumento de recollida de datos (dispoñible na parte de anexos), e coa intención de que o deseño desta ficha alcanzase un grao satisfactorio de profesionalidade e de confianza, foi sometida a un proceso de validación a través do exame da mesma por parte

do meu titor do TFG e doutros expertos no campo da educación e da investigación¹. A estes expertos entregóuselles esta primeira versión do instrumento xunto con un pequeno texto onde se presentaba e se explicaba de forma global a ficha de rexistro e o estudo no que ía a ser empregada e cada un deles deume unha resposta coas críticas realizadas á ficha.

A partir destas respostas levei a cabo unha modificación na primeira versión da ficha de rexistro co obxectivo de melloralala. Tras un proceso de reflexión e análise sobre as indicacións que se me fixeron sobre o instrumento, como é de comprender, non se incluíron todas as medidas propostas, só aquelas que se consideraron oportunas e que respondían aos obxectivos que se formularon para esta investigación en concreto. Esta segunda versión da ficha (véxase anexos) é a que se empregou de forma definitiva e oficial no estudo empírico.

2.3.2.2. Descrición do instrumento

O primeiro que se recolle na ficha de rexistro da prensa é precisar o xornal do que se extrae a noticia xa que desta forma, ademais de identificar a noticia, axuda a interpretar a mesma partindo da base dos ideais que sustentan ao xornal en concreto, pois “a construción dun temario amosa a valoración que cada medio fai de todos os acontecementos da realidade” (Berrocal e Rodríguez, 1998, p. 40). Tamén se rexistra a data na que se publicou esa noticia xa que é útil para o momento de analizar os datos e poder establecer distintas relacións.

Logo pódese dividir a ficha de rexistro da prensa en tres partes debido ao tipo de información ao que fai referencia. A primeira parte está relacionada cos aspectos formais do xornal e da noticia, a segunda parte recolle a información que se facilita na noticia e a terceira parte fai referencia de forma máis concreta á información relacionada co aspecto educativo.

A xustificación dos elementos que se recollen na primeira parte é que todos os xornais ofrecen a súa información nun contexto formal importante a ter en conta. Prestar atención e analizar este aspecto é fundamental xa que o tipo de letra empregada na redacción, a elección ou non de fotografía,... forma parte dun conxunto onde contido e forma están moi relacionados e onde todo ten un significado implícito que afecta á maneira no que o lector

¹ Díaz Balado, A. do departamento de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social; Gómez Vázquez, M.B. do departamento de Socioloxía; Marco López, A. do departamento de Didáctica da Lingua e a Literatura e das Ciencias Sociais; Porto Castro, A. do departamento de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación; Porto Ucha, A. S. do departamento de Didáctica e Organización Escolar; e Vázquez Ramil, R. profesora de innovación e investigación didáctica da Escola Universitaria CEU - Universidade de Vigo.

afronta e interpreta a noticia á vez que reflexa a importancia que o propio xornal lle concede á mesma, pois todos estes elementos non aparecen nin se estruturan de forma casual xa que os periodistas aplican os mesmos para valorar os seus textos. A continuación, detállanse por separado os elementos formais que se recollen nesta primeira parte da ficha de rexistro:

En xeral, as **seccións** dun xornal responden a criterios de clasificación temática da información. Pero situar a información nunha sección en concreto “non é sempre unha tarefa tan inocente como poida parecer a simple vista. O que unha noticia apareza nunha sección ou noutra pode obedecer á aplicación de intencións obxectivadas pero tamén á aplicación de outro tipo de razóns” (Núñez, 1991, p. 182). Considerar a sección na que aparece a noticia é relevante porque permite ao lector interpretar como considera o xornal esa noticia e ademais canto máis ao principio da sección está situada a noticia máis importancia se lle está a dar.

Recóllese o **ámbito** no que aparece a noticia. Os xornais empregados neste estudo son autonómicos pero recollen noticias de ámbitos máis amplos por iso se establece unha tripla categoría: nacional, autonómica e local. En función do ámbito no que se sitúe á noticia a importancia que se lle atribúe á mesma é maior ou menor acorde coa extensión xeográfica.

Os **xéneros periodísticos** que se indican nesta ficha están xustificados en Fontcuberta (2011, p.131) que indica que a pesares de establecer múltiples subdivisións, en realidade só se dan catro xéneros periodísticos, o que non limita que dentro de cada un deles se inclúan multitude de modalidades. Aparecen así no instrumento a crónica, a información, a opinión, a reportaxe e outros, o que nos permite coñecer a modalidade periodística que adopta a noticia.

Recóllese a variable de se a noticia aparece ou non na **portada** xa que o feito de que unha noticia apareza na primeira páxina adquire un valor e reflexa que a mesma é considerada como relevante polo propio medio que a publica.

Que unha noticia vaia acompañada ou non de **fotografía**, e sexa esta ou non de cor, tamén son indicadores da relevancia que se lle concede á noticia. Con maior énfase dentro da cultura visual actual, como di Brajnovic (1974) “a forza dunha boa fotografía periodística é tan importante como o poder da palabra escrita” (p. 300). Unha noticia acompañada de fotografía ocupa un posto máis destacado xa que serve para atraer máis a atención do lector que soe facer unha primeira visualización da información fixándose nos aspectos externos, ademais de que o espazo físico que se destina para esa noticia é maior.

A **extensión** que ocupa a noticia serve para atraer a atención do lector. Da mesma forma, a colocación das noticias en determinadas **zonas da páxina** non é algo aleatorio senón que é un tema que está coidadosamente estudado e que os periodistas coñecen e aplican na ordenación das noticias dentro das páxinas. O Triángulo de Haas representa as zonas das páxinas de maior atracción visual e de maior prioridade de lectura para o lector, sendo as páxinas da dereita e as zonas superiores as de maior potencialidade, o que xustifica que se recolla na ficha de rexistro se a noticia aparece na páxina dereita ou na esquerda e na zona superior ou na inferior, pois reflexa a importancia que lle atribúe á mesma o xornal.

O **título** amosa o interese de destacar a noticia porque fan que esta sexa máis vistosa e ademais, seguindo a Berrocal e Rodríguez (1998, p. 54), o título ten a función de espertar o interese do lector. Da mesma forma os **subtítulos** están destinados a reavivar a atención dos lectores e estes, xunto cos **antetítulos**, producen unha maior atracción visual. A **relevancia tipográfica** que se lle concede a estes elementos, sobre todo ao título, tamén é algo a ter en conta pois canto maior sexa o corpo de letra maior importancia se lle dá a esa información.

A segunda parte da ficha de rexistro da prensa fai referencia ao contido propio da noticia e comeza por destinar un espazo para recoller o título da noticia xa que considerando a difícil e importante tarefa de titular que recolle Fontcuberta (2011, p.159), o título é un acto informativo suficiente por si só e que pode ser interpretado de forma individual sen ter que recorrer ao corpo da noticia.

En referencia ao contido da noticia, como o obxectivo principal da investigación é coñecer a imaxe do conflito escolar na Educación Primaria, establecéronse tres variables relacionadas co fin da investigación para ter en conta en cada unha das noticias recollidas. Estas variables son **a causa do conflito escolar** das que se detallaron 10 posibilidades concretas e outro cadrado para as restantes; **quen participa no conflito** citando de forma singular a 14 membros da comunidade educativa con outro cadrado para os restantes xa que a concepción que se segue neste estudo do conflito escolar é no seu sentido máis amplo; e se o conflito é un **conflito sen ou con violencia** detallando dentro do apartado de conflito con violencia os distintos tipos de violencia establecidos por Torres (2004, p. 80), incluíndo os conceptos que se describen en estudos máis recentes como o bullying e o cyberbullying e axuntando o indicado polos profesionais que me validaron a ficha, o moobing. Recóllese esta última variable para posteriormente ter datos e ver se o conflito escolar que se presenta implica ou non violencia e se neste caso contribúe a formar o concepto de conflito como algo

sinónimo da violencia. Logo, hai un espazo **resumo da noticia** para redactar o máis destacado da noticia e se é o caso facer notas para ter en conta na análise de datos.

A terceira parte da ficha de rexistro recolle datos que nos poden levar a indicar se os conflitos que recolle a prensa escrita tenden a producirse en centros con determinadas características. Así, recóllese unha dobre vertente da **situación xeográfica do centro** e por un lado indícase se este está no interior ou na costa e por outro lado indícase se está en zona rural, rurbana ou urbana seguindo a clasificación establecida por Pereiro (2007, p.113). O tamaño do centro tamén se ten en conta polo que se recolle a **denominación do centro** e o **número de unidades do centro** xa que ademais de identificar aporta información sobre o tamaño e indica se convive alumnado de diferentes niveis educativos. A categoría de **titularidade do centro** diferencia entre público, privado concertado e privado sen concertar pois hai tendencia a pensar que os públicos son máis conflictivos. A pesares de que neste estudo soamente se recolle o conflito sucedido na Educación Primaria, o apartado **nivel educativo** engloba este nivel citado, o de Educación Infantil e o da Educación Secundaria Obrigatoria xa que pode aparecer un conflito que se estenda a dous ou máis niveis.

2.4. Análise de datos e resultados

Os datos recollidos na etapa anterior pasáronse a unha base de datos de ordenador, en concreto empregouse o programa informático de Microsoft Access, xa que isto permite unha maior fiabilidade no tratamento de datos e facilita o proceso para que estes poidan ser empregados noutros estudos de investigación que se leven a cabo nun futuro. A continuación preséntase os datos recollidos e unha análise dos mesmos.

Atendendo ao número de noticias que se recollen na prensa galega sobre o conflito escolar, a frecuencia coa que se tratan noticias relacionadas con esta temática nos xornais aumentou nos últimos anos. Podemos establecer unha comparación entre este propio estudo e o realizado polo Consello Escolar de Galicia no ano 1999 xa que se consultou o mesmo xornal en ambos casos, *La Voz de Galicia*, durante un período de tempo de igual duración. Así, neste estudo recolléronse un total de 186 noticias (só do nivel de Educación Primaria) mentres que no estudo do Consello Escolar recolléronse tan só 58 noticias (de todos os niveis educativos). A pesares de que a frecuencia de aparición é maior, isto non leva a que o tratamento das noticias sobre o conflito escolar sexa máis destacado tal e como se describe en liñas posteriores.




Figura 1:
Número de noticias totais publicadas en La Voz de Galicia e Sermos Galiza durante o ano 2013

No que respecta ás datas, hai que sinalar o descenso na publicación de noticias nos meses de xuño, xullo e decembro ata menos de dez noticias publicadas por mes. Por outro lado, son os meses que se corresponden co final e co inicio do curso escolar nos que se recollen un maior número delas. Destacan os meses de setembro e de outubro pero o traballo desenvolvido durante a consulta de xornais permite facer a anotación de que un gran número das noticias que se publican nestes dous meses teñen a súa causa en distintos motivos que se veñen arrastrando do curso pasado e que xa poderían haber sido solucionados con anterioridade sen necesidade de que estes continúen repercutindo na actividade educativa.

As seccións nas que aparecen as noticias están na súa gran maioría relacionadas co territorio xeográfico ao que fan referencia. Destacar a consideración que os xornais fan do conflito relacionado coa lei educativa LOMCE ao incluíla en ocasións na sección de sociedade transmitindo así a idea dunha problemática de índole social, visión que non transmiten sobre outro tipo de conflitos escolares. O 77% das noticias recóllense no ámbito autonómico, seguido dun 22% do ámbito local e soamente se sitúa no ámbito nacional unha noticia que fai o resumo dunha folga levada a cabo en contra da nova lei de educación, polo que esta distinción xunto coa da sección concédelle maior relevancia a esta temática.

Sobresae que o 90% das noticias recollidas de ambos xornais pertencen ao xénero periodístico de información. Sen embargo, é necesario facer unha diferenciación neste punto entre os dous xornais e analizalos por separado. Así, 177 das 186 noticias totais recollidas de *La Voz de Galicia* pertencen ao xénero periodístico de información e quen as redacta é o periodista facendo chegar ao lector a visión da realidade a través deste profesional. Pola contra, 10 das 19 noticias totais recollidas do *Sermos Galiza* pertencen ao xénero periodístico de opinión e a idea que chega ao lector sobre o conflito soe ser dada de primeira man por suxeitos expertos

no ámbito de educación e que están ou non involucrados no conflito. Outra das consideracións a ter en conta relacionada co tipo de contido que se presenta leva a diferenciar de novo entre os dous xornais empregados no estudo. Observouse como o contido que se transmite no xornal de *La Voz de Galicia* é un contido descritivo que apenas vai máis aló do seu carácter legal. Sen embargo, nas noticias do *Sermos Galiza* é máis común que o contido que se transmite nelas supoña unha análise e se reflexen as consecuencias, as reaccións que suscita ou as implicacións que xera o conflito.




Figura 2:
Posición da noticia na páxina dereita ou na esquerda e extensión que ocupa da páxina

A importancia que lle dá a prensa ó conflito escolar é baixa. O 20% das noticias aparecen na portada e a maioría destas fan referencia ós conflitos xerados pola nova lei educativa polo que dentro da temática do conflito escolar estas son as que gozan dunha maior relevancia. Máis da metade das noticias analizadas sobre a conflictividade escolar, en concreto o 53% delas, non van acompañadas de fotografía a pesares de que na actualidade xa é común que nos xornais se combine texto e imaxe. En canto ao espazo que se reserva para estas noticias, o 56% total delas ocupan menos de media páxina e o 49% das que ocupan menos de media páxina están na parte inferior e o 64% delas están na páxina da esquerda.

No caso dos xornais que se analizaron, é común que as noticias sempre leven un título independentemente da temática que se trate. Isto cúmprese nas noticias sobre conflictividade escolar pois case a totalidade delas teñen título (202 das 205 totais) pero son menos as que teñen antetítulo (183 das 205 non o teñen) e subtítulo (111 das 205 non o teñen). Que unha noticia estea composta por estas partes e a relevancia tipográfica que se lle conceda ás mesmas fai que a noticia teña maior ou menor protagonismo, e neste caso o 48% delas teñen unha relevancia tipográfica alta. Dicir que a gran maioría das noticias ás que se lle concede a

relevancia tipográfica alta están relacionadas coa nova lei educativa, co novo decreto do comedor e cun caso dun neno dun colexio de Vigo que derivou en tres batallas xudiciais.

Dos datos anteriores conclúese que o espazo que se reserva ás noticias sobre o conflito escolar non é moi relevante xa que ocupan maiormente zonas das páxinas de pouca atracción visual e de non prioridade para o lector. Esta conclusión coincide ca da investigación realizada polo Consello Escolar de Galicia na consulta da prensa do curso escolar 1997-98 na que se indicaba que as noticias sobre o conflito escolar ocupan unha posición secundaria.

Os números obtidos neste estudo sitúan ao conflito escolar fóra das estruturas do centro. As causas do 63% das noticias recollidas responden a elementos que non se producen no interior das aulas nin que se xeran directamente a partir da actividade de ensino - aprendizaxe. Son na gran parte dos casos as ANPAS, os pais e nais, os sindicatos e os partidos políticos opositores os que participan nos conflitos contra a Administración e as causas máis comúns son a nova lei educativa, o decreto do galego, o novo decreto de comedor escolar e as deficiencias relacionadas coa rede de centros que se detallan en parágrafos seguintes.

A causa pola que se recolleron maior número de conflitos escolares foi a de leis educativas. Dentro da causa de leis educativas as noticias recollidas facían referencia ás problemáticas creadas polo decreto do comedor escolar, pola lei dos deberes de 1997 referente á Educación Primaria e pola nova lei de educación LOMCE sendo esta última a de maior protagonismo. A intención de levar a cabo un cambio no sistema educativo aprobando unha nova lei educativa volve a acaparar un alto porcentaxe das noticias que se recollen nos xornais repetindo os resultados do estudo do Consello Escolar de Galicia derivados dos diversos problemas, críticas e protestas xerados no curso 1997-98 pola implantación da Educación Secundaria Obrigatoria en aplicación da LOXSE.

Salientan as protestas polo decreto do comedor escolar que recolle novas medidas para intentar manter economicamente este servizo facendo que as familias paguen unha cuantía máis elevada. Fronte a isto, varias noticias recollen reaccións nas que se determinan que as familias non poden afrontar ese gasto e polo tanto o alumnado quedará sen ese servizo. Un dos conflitos seguidos pola prensa durante días foi a decisión dun colexio de aplicar a lei de 1997 e non mandar deberes ó alumnado de Educación Primaria que rematou derivando nunha batalla que se estendeu ata a Administración con opinións moi diversas.




Figura 3:
Causa do conflito escolar

Destacan as 25 noticias sobre conflito lingüístico derivado do decreto do galego. Recóllense distintas opinións sobre o decreto e na gran maioría destacan o ataque ao idioma chegando a dicir que con estas medidas o que se está facendo é converter ao galego nun idioma estranxeiro. É curioso que nesta loita lingüística se denuncia que o partido do poder non escoita a opinión da Mesa de Normalización Lingüística e de Galicia Bilingüe entre outras polo que acaba tomando parte do conflito o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Outros dos aspectos a ter en conta son os resultados obtidos na causa designada como outros. Dicar que a cifra elevada de noticias recollidas nesta categoría débese a que no xornal seguiu durante meses o caso dun neno que foi acosado de absentismo escolar mentres os pais destes denunciaban acoso escolar ao fillo, loita que se foi estendendo a outros moitos sectores da sociedade e acabou derivando en tres batallas xudiciais. É de destacar que neste estudo se identificaron catro casos distintos de absentismo escolar, dato que aínda que é unha cifra menor, é necesario consideralo de preocupante pois comprendendo o actual sistema social español onde a escolarización do alumnado xa é total e que se vela pola seguridade e os dereitos do menor, sería necesario activar un plan de acción para intervir dende as mínimas ausencias sen permitir que o caso acabe derivando en meses de non asistencia ás aulas.

As noticias que recollen como causa de conflito a falta de recursos materiais e humanos, as denuncias polo mal estado da estrutura do centro, a demanda de centros ou prazas e a oposición ó peche de centros tamén son das máis abundantes. Estas noticias denuncian, basicamente, os recortes na cantidade de diñeiro público destinado a manter o servizo de educación pública mentres se financia con este mesmo diñeiro centros privados concertados que segregan ó alumnado por sexo.

A pesar de que son numerosas as noticias nas que se recollen os conflitos recreados en insistentes protestas cara a Administración por cuestións diversas sobre o sistema educativo, estas non fan supoñer a existencia de violencia. Tan só 6 das noticias totais recollidas son con violencia e delas 3 fan referencia a dous casos distintos na que docentes abusan sexualmente do alumnado, outra correspóndese coa violencia física exercida polo director do centro sobre un discente, outra alude á violencia física dun pai a un inspector por non poñer unha parada de autobús preto da casa para o seu fillo e outra refírese ao acoso escolar que sofre unha nena.

Así, a presenza noticias sobre conflito escolar con violencia na prensa segue a ser escasa coincidindo cos resultados obtidos no estudo do Consello Escolar realizado hai máis dunha década. O 97% das noticias que se recollen non están relacionadas coa violencia pero sen embargo hai unha contraposición a isto no tratamento que fai a prensa das noticias e as palabras que emprega pois estas provocan que a imaxe que se dá sobre o conflito non coincida coa realidade. É de destacar o caso do neno dun colexio de Vigo que foi noticia durante varios meses derivando a mesma en outros conflitos posteriores. A primeira noticia que se recolle sobre este caso redáctase baixo o título de “Un neno de Vigo leva un mes sen ir á clase por temor ao acoso”. O xornalista que escribiu esta noticia inclúe no titular a palabra “acoso” e séguese usando reiteradamente noutras noticias cando na realidade non se diagnosticara se este neno sufría ou non acoso, e de feito preséntase a resolución do estudo realizado pola Fiscalía de Menores no que se constata que non houbo acoso. Como este caso son outros nos que se empregan de forma “errada”, e á vez intencionada, distintas palabras que provocan que a imaxe que se proxecta na prensa sobre o conflito escolar estea relacionada coa violencia e non correspondida coa realidade do sucedido.

No relativo á situación xeográfica do centro soamente se detecta predominio dunha zona sobre outra ao considerar por separado as noticias sobre conflito escolar provocadas pola falta de recursos humanos e materiais, polas deficiencias na estrutura de centro, de demanda de prazas e polo peche de escolas. Destas causas recolléronse 36 noticias onde o maior número delas sucederon en escolas do rural, 15 en escolas rurbanas e tan só 5 en urbanas. Se seguimos analizando polo miúdo estes datos, as noticias publicadas sobre as escolas do urbano manifestan a saturación dos centros educativos en canto a prazas no centro e no comedor, a falta de recursos materiais e a mellora das infraestruturas. No caso das noticias do rural resaltan as que recollen as denuncias dos pais e nais ante o abandono por parte da Administración dos centros educativos en xeral e o temor a que pechasen as escolas para o

curso 2013/2014. Buscouse na páxina web da Xunta de Galicia estes centros que no xornal ameazaban con desaparecer e constatouse que dous de ditos centros xa non aparecen na actual rede de centros educativos de Galicia, polo que se pode confirmar a súa desaparición.

A maioría das noticias refírense a centros públicos onde destaca a problemática xerada pola falta de recursos materiais e a falta de prazas en comedores e no centro escolar. Logo sobresaen as noticias nas que se apunta o centro privado concertado porque esta titularidade correspóndese coa do centro no que estaba escolarizado o neno de Vigo, e como xa se apuntou, foi un caso seguido pola prensa durante un tempo. Nesta ocasión non se recolleu na prensa ningunha noticia sobre conflito escolar ocorrida nun centro privado sen concertar, datos que levan a redactar a que a imaxe que se proxecta do conflito escolar nos xornais galegos non se modificou neste aspecto dende hai máis dunha década, pois este resultado coincide co descrito no estudo realizado polo Consello Escolar de Galicia no ano 1999.

Conclusións

Primeiro dicir que hai que ser modestos á hora de interpretar estas conclusións porque, adaptándose ás características do TFG, o traballo realizado é unha investigación de carácter exploratorio na que se traballa con unha mostra pequena a partir da cal non podemos extraer unhas liñas que se aproximen fielmente á realidade, neste caso a da imaxe do conflito escolar en Educación Primaria na prensa galega.

O poder da prensa de modificar e transmitir unha imaxe alterada da realidade é unha característica dos medios impresos que recollen expertos do tema nas súas bibliografías tal e como se redacta no estudo teórico do traballo. No estudo empírico desenvolto compróbase esta característica da prensa, pois a pesar da existencia de numerosas noticias sobre os conflitos escolares onde o nivel de violencia é baixo, a linguaxe que empregan os xornais e o tratamento que fan das noticias leva a estes medios impresos a proxectar unha imaxe do conflito negativa e que se relaciona coa violencia cando isto non se corresponde en gran número de ocasións coa realidade. Desta forma, séguese mantendo o papel da prensa como medio amplificador e difuminador da realidade da convivencia nos centros escolares, papel que coincide co concluído no estudo do Consello Escolar de 1999. Este tratamento na prensa escrita fai que se siga transmitindo a imaxe negativa do conflito escolar contribuindo a desenvolver a concepción máis xeneralizada que existe na sociedade sobre o mesmo.

Como xa se recollía en liñas anteriores deste traballo, a escola non pode entenderse nin explicarse á marxe da sociedade na que se inclúe. O momento no que se desenvolve este estudo está caracterizado polos “problemas económicos” que está a atravesar o país e estes tamén afectan ao ámbito educativo. Esta influencia queda reflexada no tipo de conflitos escolares que se recollen na prensa pois estes derivan nun número elevado de ocasións dos recortes de diñeiro público que se destinan para manter o servizo público de educación o que trae como consecuencia carencias en estruturas e servizos fundamentalmente, polo que as reclamacións van dirixidas maiormente á Administración Educativa.

Estes recortes en educación afectan principalmente aos centros situados en espazos rurais. Sobresae o titular da noticia “A presidenta do Consultivo sostén que o comedor escolar debe ser gratis en zonas rurais” que, ao meu entender ven a concluír os numerosos ataques que sufriu e sofre a escola do rural por parte da Administración. Ó longo da recente historia da educación obrigatoria e gratuíta en España, e en concreto en Galicia, fóronse pechando cada vez maior número de escolas do rural e construíndo centros máis grandes para unificar ao alumnado de varias destas escolas, normalmente en espazos rurbanos. A Administración obrigaba desta forma ó alumnado do rural a saír do seu entorno para recibir unha educación, e para compensar a este alumnado, estes tiñan dereito a transporte e comedor escolar gratis. Dende entón, continuáronse os desprezos á escola do rural ata chegar a este punto actual no que, despois de negarlle a posibilidade de educarse nos espazos máis próximos de residencia, fóronselle retirando os servizos gratuítos que nun primeiro momento se lle concederan. As distintas leis educativas que se veñen aprobando para lograr unha convivencia democrática e unha xestión educativa dos conflitos, partindo da visión do concepto de conflito escolar na súa versión máis ampla, é tamén necesario ter en consideración as zonas do rural de forma especial para atender as súas necesidades apoiando estes espazos dende a Administración e facendo un tratamento dos conflitos adecuado evitando que estes poidan repercutir na actividade educativa tal e como se constatou neste estudo.

Que neste estudo non se recollesen apenas noticias sobre conflitos ocorridos dentro do centro ou da aula entre o alumnado e o profesorado, non pode levar a afirmar que non existan estes. Esta mesma situación xa ocorreu na consulta de xornais levada a cabo polo Consello Escolar de Galicia no ano 1999 na que fixeron a reflexión sobre a mesma chegando á conclusión de que parecía que non estaba ben dar a coñecer estes conflitos escolares en

concreto, pois eran coñecedores de que estes conflitos si tiñan lugar nos centros pero chocáballes que practicamente non aparecesen na prensa.

Sen embargo, é importante atender ós conflitos que se sitúan fóra do centro educativo porque as actuacións que se desenvolvan fóra das aulas sempre afectan á actividade de ensinanza – aprendizaxe, por iso é necesario estudar e reflexionar sobre as medidas que se toman seguindo uns criterios. Estas medidas son maiores no caso de Galicia xa que no mesmo territorio conviven dúas linguas, convivencia que como se demostra neste estudo, tamén é orixinaria de numerosos conflitos que afectan a nivel educativo.

Unha vez realizado o traballo, un dos aspectos que modificaría del sería a organización e a distribución das variables de “causas do conflito escolar” e “quen participa no conflito” recollidas na ficha de rexistro da prensa. Levaría a cabo esta modificación porque como se pode ver nas gráficas e no resumo das noticias, os membros que participan en cada caso dan lugar a combinacións múltiples e as causas tamén adoitan a ser máis dunha. Isto provoca que posteriormente o tratamento dos datos se complique porque fai que teñas que mirar campos diferentes e agrupalos en caso de querer obter resultados concretos.

Recomendacións e posibles liñas de acción

Sería interesante levar a cabo unha investigación, ou ben ampliar e completar esta iniciada sobre a imaxe do conflito escolar na prensa, desenvolvendo a técnica de análise do contido e analizando as unidades de base gramatical por exemplo dos titulares, pois como se puido apreciar de forma superficial neste estudo, a linguaxe que se emprega nos xornais ten un poder que inflúe na interpretación que o lector pode facer sobre o conflito escolar e que non sempre se corresponde coa realidade.

Outra posible actuación sería ampliar este traballo e realizar a consulta de máis xornais galegos de edición impresa para así traballar con unha maior mostra e poder obter datos e información máis completa que permitan aproximarse máis á verdadeira imaxe que se transmite do conflito escolar na prensa escrita de Galicia. Da mesma forma que se estuda a imaxe da conflictividade escolar en Educación Primaria na prensa galega, outra das posibles liñas de acción a levar a cabo podería ser o estudo da imaxe do conflito centrándoo noutras

comunidades autónomas, o que permitiría desenvolver posteriormente un estudo comparativo entre as distintas comunidades.

Sinalar que o estudo realizouse consultado os xornais do ano 2013, un ano problemático no sistema educativo en xeral polos recortes económicos e pola aprobación dunha nova lei de educación da que se derivaron varios conflitos. Sería relevante repetir este estudo para analizar a imaxe do conflito escolar noutras datas onde estes dous factores non acaparasen gran parte da atención e comparar así resultados.

Bibliografía

- Arnal, J., Del Rincón, D. e Latorre, A. (1992). *Investigación educativa: Fundamentos y metodología*. Barcelona: Labor.
- Balle, F. (1991). *Comunicación y sociedad: Evolución y análisis comparativo de los medios*. Bogotá: Tercer mundo.
- Berrocal Gonzalo, S. e Rodríguez - Maribona Dávila, C. (1998). *Análisis básico de la prensa diaria: Manual para aprender a leer periódicos*. Madrid: Editorial Universitas.
- Bisquerra Alzina, R. (2008). *Educación para la ciudadanía y convivencia: El enfoque de la Educación Emocional*. Madrid: Wolters Kluwer.
- Blanco Leal, M. M. (2008). *Modelos de análisis para el estudio crítico de la prensa*. Madrid: Ediciones Internacionales Universitarias.
- Boronat Mundina, J. (1995). *Medios de comunicación y educación: Análisis de contenido de la prensa educativa*. Palencia: UNED.
- Brajnovic, L. (1974). *Tecnología de la información* (2da ed.). Pamplona: Universidad de Navarra.

- Buendía Eisman, L. e Colás Bravo M.P. (1998). *Investigación educativa* (3ra ed.). Sevilla: Ediciones Alfar.
- Caballero Grande, M. J. (2010). Convivencia Escolar. Un estudio sobre buenas prácticas. *Revista de Paz y Conflictos*, 3, p. 154-169. Recuperado o 21/03/2014, de <http://www.ugr.es/~revpaz/numeros/numeros.html#numero3>
- Cabero Almenara, J. e Loscertales Abril F. (1998). *¿Cómo nos ven los demás?: La imagen del profesor y la enseñanza en los medios de comunicación social*. Sevilla: Universidad de Sevilla, Secretariado de Publicaciones.
- Casamayor, G. (2000). Reivindicación del pacto y otras componendas. En Parcerisa Aran, A. (Dir.), *Disciplina y convivencia en la institución escolar*, p. 17-24. Barcelona: Editorial Graó.
- Consejo Escolar del Estado (2011). *Informe sobre o estado e situación do sistema educativo: Curso 2009/2010*. Recuperado o 08/04/2013, de https://sede.educacion.gob.es/publiventa/descargas.action?f_codigo=14567&codigoOpcion=3
- Consello Escolar de Galicia (1999). *A convivencia nos centros escolares de Galicia: Informe sobre a situación do sistema escolar de Galicia correspondente os cursos 1996-97 e 1997-98*. Santiago de Compostela. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Defensor del Pueblo (2007). *Violencia Escolar: El maltrato entre iguales en la Educación Secundaria Obligatoria 1999-2006*. Recuperado o 04/04/2013, de http://www.defensordelpueblo.es/es/Documentacion/Publicaciones/monografico/contenido_1261583505460.html
- Fontcuberta Balaguer, M. (2011). *La noticia: Pistas para percibir el mundo*. Madrid: Paidós.
- Freund, J. (1995). *Sociología del conflicto*. Madrid: Ministerio de Defensa.
- García Correa, A. e Trianes Torres, M. V. (2002). Educación socio – afectiva y prevención de conflictos interpersonales en los centros escolares. *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 44, 175-189.

- Gil Pascual, J. A. (2008). *Bases metodológicas de la investigación educativa: Análisis de datos* (2da ed.). Madrid: UNED.
- Gómez Rivas, F. A. (xaneiro-xuño 2011). La normativa sobre convivencia escolar en España. *Revista AMAzônica*, 6 (1), 149-185. Recuperado o 02/05/2014, de <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3915955>
- Massager, M. (2000). La escuela es nuestra. El diálogo y la confianza mutua, instrumentos para la convivencia y la disciplina en la escuela primaria. En Parcerisa Aran, A. (Dir.). *Disciplina y convivencia en la institución escolar*, p. 61-67. Barcelona: Editorial Graó.
- Melero Martín, J. (2009). *Conflictividad escolar y la nueva profesión docente: Diez estrategias para mejorar la convivencia en los centros educativos*. Málaga: Ediciones Aljibe.
- Mesa Sánchez, R. (2002). Medios de comunicación, violencia y escuela. *Revista Interuniversitaria de Formación do Profesorado*, 44, 209-222.
- Narejo Alcázar, N. e Salazar Rodríguez, M. (2002). Vías para abordar los conflictos en el aula. *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 5 (4). Recuperado o 15/04/2014, de <http://www.aufop.com/aufop/revistas/arta/digital/109/833>
- Núñez Ladevéze, L. (1991). *Manual para periodismo: Veinte lecciones sobre el contexto, el lenguaje y el texto de la información*. Barcelona: Ariel.
- Oficina de Justificación y Difusión* (2013). Recuperado o día 19/05/2014 de <http://www.introl.es/medios-controlados/>
- Ortega Ruiz, R. (2006). La convivencia: Un modelo de prevención de la violencia. En Soler Villalobos, M.P. (Coord.). *La convivencia en las aulas: Problemas y soluciones*. Madrid: Secretaría General Técnica, Subdirección General de Información y Publicaciones
- Pereiro, X. (maio 2007). Antropoloxía e modelos de relación entre o rural e o urbano. *Revista Galega de Educación*, 38, 112-119.
- Pérez Serrano, G. (1985). La imagen de la UNED en la prensa. *Revista a Distancia*, 9, 12-14.

- Pérez Serrano, G. e Pérez de Guzmán, M.V. (2011). *Aprender a convivir. El conflicto como oportunidad de crecimiento*. Madrid: Narcea.
- Porto Ucha, A. S. (2003). La imagen de la conflictividad en la prensa gallega. En López-Barajas Zayas, E. e Bouché Peris J.H. (Coords). *La Educación para una cultura de paz: Problemas y perspectivas*, p. 257-262. Madrid: UNED.
- Rodríguez Jares, X. (2001). *Educación y conflicto: guía de educación para la convivencia*. Madrid: Editorial Popular.
- Rodríguez Jares, X. (2006). Conflicto y convivencia en los centros educativos de secundaria. *Revista de educación*, 39, p. 467-491. Recuperado o 27/04/2014, de http://www.mecd.gob.es/revista-de-educacion/numeros-revista-educacion/numeros-antteriores/2006/re339/re339_20.html
- Rodríguez Jares, X. (2006). *Pedagogía de la convivencia* (3ra ed.). Barcelona: Editorial Graó.
- Rodríguez Machado, E. R. e Veiga Río, E. (2008). Desarrollo integral de la convivencia en el marco educativo. Una nueva perspectiva: del observatorio autonómico al observatorio escolar. *Revista galego – portuguesa de psicoloxía e educación*, 16 (1), p. 45-64. Recuperado o 03/05/2014 de <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/7610>
- Roque Company, J. M. e Rotger Amengual, B. (1982). *Cómo leer la prensa escrita: didáctica y fichas prácticas para E.G.B., Bachillerato y F.P.* Madrid: Escuela Española.
- Torrego Seijo, J. C. e Moreno Olmedilla, J.M. (2003). *Convivencia y disciplina en la escuela: El aprendizaje de la democracia*. Madrid: Alianza Editorial.
- Torres Falcón, M. (2004). Familia. En Sanmartín J. (coord.). *El laberinto de la violencia: Causas tipos y efectos* (1ra ed.). Barcelona: Ariel.
- Trianes Torres, M. V. (2000). *La violencia en contextos escolares*. Málaga: Ediciones Aljibe.
- Veiga Río, E. J. (2010). Planes para la mejora de la convivencia Escolar en la Comunidad Autónoma de Galicia: el estado de la cuestión. En Gázquez Linares J.J. e Pérez Fuentes, M.C. (Coords.) *Actas del II Congreso Internacional de Convivencia Escolar: Variables psicológicas y educativas implicadas*, [CD-ROM]. Granada: GEU

Normativa

